



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A COMPARTICIÓN DE INFRAESTRUTURAS, TÉCNICAS, E SERVIZOS COMÚNS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS.

Antecedentes

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) é unha axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Entre as competencias e funcións desta axencia figuran pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados, transformar, mediante un uso axeitado das TIC, a Administración pública autonómica, coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos públicos, e impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas, polo que debe desenvolver actuacións encamiñadas ao logro de ditos obxectivos. Así mesmo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) é a responsable dos contidos e dos servizos comúns, da xestión tecnolóxica e da continuidade, a accesibilidade e a seguridade da Sede electrónica da Xunta de Galicia, regulada pola da lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A Universidade de A Coruña (en diante UDC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu progreso social, económico e cultural. En tanto que administración pública, está suxeita á relación electrónica coa cidadanía nos procesos que sexan de aplicación.

A Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigo 118 o catálogo dos sistemas dixitais, no que se recollerán as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a dispor dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións.

No artigo 129 desta mesma disposición normativa, regulase a posta a dispor dos elementos do catálogo de sistemas dixitais que pola súa situación tecnolóxica ou características funcionais





estean en disposición de ser utilizados ou reutilizados por outras administracións públicas, órganos estatutarios, organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes daquelas, ou polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, que poderán adherirse ao seu uso.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega e a UDC, para garantir o mellor servizo aos intereses xerais, pretenden a formalización dun convenio de colaboración no desenvolvemento das tarefas de interese público que lles corresponden, cada unha actuando no marco das súas competencias.

Así, a UDC require a colaboración e asistencia instrumental da Amtega mediante a prestación por esta do acceso aos elementos do Catálogo de sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico e das administracións públicas ubicadas no territorio galego e os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital. A Amtega, de acordo coa normativa expresada, ten competencia para esta colaboración e apoio instrumental á UDC.

Financiamento.

As actuacións previstas no Convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes.

Santiago de Compostela

O Xerente

Jose Luis Somoza Digón.

